

RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se aproban as listas definitivas de persoal admitido e excluído dos procedementos selectivos de ingreso aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, de profesores de escolas oficiais de idiomas, de profesores de música e artes escénicas, de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres (código de procedemento ED001A), convocados mediante a Orde do 5 de decembro de 2022 e anunciada mediante Resolución do 12 de decembro de 2022 (DOG n.º 242, do 22 de decembro)

Para os efectos de darlle cumprimento ao disposto no apartado terceiro da base sexta da Orde do 5 de decembro de 2022 relativo á listaxe definitiva de persoal admitido e excluído dos procedementos selectivos de ingreso aos corpos de profesores de ensino secundario, profesores especialistas en sectores singulares da formación profesional, de profesores de escolas oficiais de idiomas, de profesores de música e artes escénicas, de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres e, logo de revisar as reclamacións formuladas contra as listas provisionais de persoal admitido e excluído que se aprobaron e publicaron, no portal de Internet da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades no enderezo electrónico www.edu.xunta.gal, por medio dunha Resolución do 13 de marzo de 2023, esta Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar e facer pública no anexo I a relación definitiva de persoas aspirantes admitidas, por corpos, reservas e, se é o caso, especialidades, que solicitaron tomar parte nos mencionados procedementos selectivos.

Así mesmo, de conformidade coa antedita base 6.3 da orde, o feito de figurar na relación de persoas admitidas non prexulga que se lle recoñeza ao persoal interesado a posesión dos requisitos exixidos nos procedementos que se convocan mediante esta orde. Cando da documentación que debe presentarse no caso de ser aprobado/a se desprenda que non posúe algún dos requisitos, o persoal interesado decaerá de todos os dereitos que puidesen derivar da súa participación nestes procedementos.

Segundo. Aprobar e facer pública no anexo II a relación definitiva de persoas aspirantes excluídas, por corpos, reservas e, se é o caso, especialidades con indicación da causa específica da súa exclusión.

Terceiro. Así mesmo, de conformidade co apartado cuarto da base primeira da dita orde, no caso do corpo de mestres, o feito de que figure a localidade solicitada non implica que sexa a localidade do exame. Esta determinarase na resolución pola cal se nomeen os tribunais e se sinala a localidade ou localidades en que se deberán realizar as probas.

Cuarto. Consonte á base 6.4 da orde, contra esta resolución, que lle pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular por medios electrónicos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), un recurso potestativo de reposición, no prazo dun (1) mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación no portal de Internet da Consellería



de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, www.edu.xunta.gal, ante a persoa titular da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente un recurso contencioso administrativo no prazo de dous (2) meses, a contar dende a mesma data, ante o xulgado do contencioso administrativo que sexa competente de conformidade coa Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

